



RESOLUCIÓN

Asunto: **revisión das adscricións e actualización das áreas de influencia dos centros docentes do Concello de Pontevedra**

ANTECEDENTES

1. Esta xefatura territorial aprobou a delimitación vixente das áreas de influencia dos centros docentes do Concello de Pontevedra na resolución inicial do 27.02.2017 e na resolución de modificación do 12.02.2018.
2. O Servizo Territorial da Inspección Educativa emitiu o 04.01.2023 o **informe favorable** á adscrición dos centros privados concertados que imparten ensinanzas de educación secundaria obrigatoria en unidades concertadas a centros públicos que imparten bacharelato.
3. Adicionalmente, o informe da inspección educativa inclúe a actualización da nomenclatura dos centros e rúas correspondentes ás actuais áreas de influencia, así como a consignación dos centros de referencia que imparten a nova moalidade de Bacharelato Xeral.

FUNDAMENTOS LEGAIS E TÉCNICOS

1. A **competencia** para resolver corresponde a esta **xefatura territorial** en virtude do artigo 3.3 (adscrición dos centros privados que imparten ensinanzas de educación secundaria obrigatoria en unidades concertadas a centros públicos que imparten bacharelato dos centros docentes) do **Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG nº 29 do 11.02.2022)**.
2. O **procedemento** para incorporar as adscricións indicadas iniciouse coas solicitudes dos centros concertados, presentadas en decembro de 2022, que foron obxecto de análise por parte da inspección educativa.





XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades

Avda. María Victoria Moreno 43 - 8º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805903 Fax: 986 805937
xefatura.territorial.pontevedra@edu.xunta.es

galicia

3. O informe da inspección educativa formulou a súa proposta favorable a adscrición a partir dun dato fundamental: estes centros concertados non inclúen a etapa de Bacharelato na súa oferta (agás o CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús) polo que a súa adscrición a centros públicos resulta necesaria para que o seu alumnado teña reserva de praza na etapa de Bacharelato.

Así mesmo, o informe explicitou os **criterios técnicos que motivan as concretas adscricións obxecto desta resolución**: proximidade xeográfica entre os centros, histórico de solicitudes de admisión do alumnado e existencia de transporte escolar nas zonas próximas no caso do CPR Sagrado Corazón de Praceres.

4. A aprobación das adscricións referidas, a actualización de datos e a incorporación da modalidade de Bacharelato Xeral nos centros autorizados na *Orde do 30 de xuño de 2022 (DOG n.º 136 do 18.07.2022)* **non alteran a delimitación das áreas de influencia en vigor** e permite adaptala aos criterios establecidos na normativa reguladora para o próximo procedemento de admisión ordinaria.

En virtude dos antecedentes e fundamentos expostos e de conformidade co informe da inspección educativa, **RESOLVO**:

Aprobar as adscricións dos centros docentes privados concertados e a actualización das áreas de influencia do Concello de Pontevedra incorporadas ao **anexo** desta resolución segundo os termos propostos pola inspección educativa.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á data na que se reciba esta resolución, de acordo cos artigos 121, 122 e concordantes da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE n.º 236 do 02.10.2015)*.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

O xefe territorial



ANEXO. DELIMITACIÓN DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA



INTRODUCCIÓN

Este documento contén a proposta de zonificación para os centros educativos do Concello de Pontevedra.

Para as referencias dos límites emprégase referencias cardinais, aínda que con posterioridade pedirase a colaboración dos centros para elaborar un documento por números pares e impares, e mesmo número da rúa no caso das escasas interseccións. O motivo é que as referencias cardinais non mudan co tempo.

Unha vez este documento supere todas as tramitacións elaborárase, usando medios informáticos, un plano de todo o Concello de Pontevedra coas zonas pertencentes a cada centro.

Motivación

A distribución demográfica da poboación do Concello mudou con respecto á última zonificación, o que provocou que uns centros estean máis saturados de alumnado que outros.

A primeira consecuencia disto é que existen centros nos cales hai dificultades para que o alumnado acade praza no colexio que lle toca por zona, e por outra parte, existen outros cunha escasa demanda que non chega a cubrir as prazas que se ofertan.

Por outra parte, a distribución dos centros educativos de Pontevedra provoca moitas veces que téndose a máxima puntuación por domicilio se viva a distancias moi dispares do centro educativo, o que provoca malestar nas familias.

Criterios xerais

- 1) Distancia do domicilio alegado pola familia do alumnado ao centro educativo.
- 2) Simplificación para as familias no proceso de entrada e saída aos centros e redución no número de pasos de peóns, cruces, que teñan que atravesar o alumnado e as familias.
- 3) Estabilidade dos cadros de persoal.
- 4) Simplicidade de aplicación da zonificación por parte dos centros (no rural empregar lugares das parroquias, nas rúas empregar beirarrúas enteiras, ...)
- 5) Racionalización na división de zonas optimizando e procurando o equilibrio entre oferta e demanda de tal xeito que non haxa masificacións ou despoboamento nos centros.



Xefatura Territorial de Pontevedra
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Revisións

- **Resolución inicial: 27 de febreiro de 2017**
- **Revisión 1: febreiro 2018**
 - **Data Consello escolar municipal: 30 de xaneiro de 2018**
 - **Data Xunta provincial directores: 31 de xaneiro de 2018**
- **Revisión 2: xaneiro 2023**



EEI Fina Casalderrey

Código:	36013837									
Enderezo Postal:	Rúa Reino Unido, 18. 36162 Pontevedra.									
Correo electrónico:	eei.fina.casalderrey@edu.xunta.gal									
Teléfonos e fax:	Tel.: 886151578				Fax: 886151579					
Páxina web:	https://www.edu.xunta.gal/centros/eeifinacasalderrey/									
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA						
	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
	2	2	2	0	0	0	0	0	0	
Horario		Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
8:55 a 13:55 h		Si. ANPA-Concello			Si. ANPA-Concello			Si		

1. ADSCRICIÓN

O centro está adscrito ao **CEP Marcos da Portela**.

2. ÁREA DE INFLUENCIA

Perímetro:

Norte: Río Lérez.

Oeste: vía do ferrocarril desde a ponte sobre o río ata a intersección da mesma vía coa rúa Prado Novo.

Sur: rúa Prado Novo (beirarrúa norte) ata rúa Ángel Amor Ruibal (beirarrúa leste), rúa Loureiro Crespo (dende intersección con rúa Ángel Amor Ruibal ata intersección con rúa San Amaro) (beirarrúa norte), Avenida de Lugo (beirarrúa norte e oeste).

Leste: N-541 ata límite do Concello incluíndose as vivendas situadas da beirarrúa do lado esquerdo de dita estrada en sentido Ourense.

Quedan excluídos deste perímetro todos os lugares pertencentes á parroquia de Bora.

3. ÁREAS LÍMITROFES

Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia dos centros: CEIP Plurilingüe San Benito de Lérez, CEIP Manuel Vidal Portela, CEIP Vilaverde-Mourete.

Non se considera zona limítrofe o Concello de Cotobade nin a zona do CEIP A Xunqueira nº1 e CEIP A Xunqueira nº2.



CEP Marcos da Portela

Código:	36019611									
Enderezo Postal:	Rúa Suecia, 1. Monte Porreiro. 36162 Pontevedra.									
Correo electrónico:	cep.marcos.portela@edu.xunta.gal									
Teléfonos e fax:	Tel.: 886159191				Fax: 886159196					
Páxina web:	https://www.edu.xunta.gal/centros/cepmarcosportela/									
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA						
	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
	0	0	0	2	2	2	2	2	2	
Horario		Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
9:00 a 14:00 h		Si. ANPA – Concello			Si. ANPA – Concello			Si		

1. ADSCRICIÓN

O centro está adscrito ao **IES Luís Seoane** e ten adscrita a **EI Fina Casalderrey**.

2. ÁREA DE INFLUENCIA

Perímetro:

Norte: Río Lérez.

Oeste: vía do ferrocarril desde a ponte sobre o río ata a intersección da mesma vía coa rúa Prado Novo.

Sur: rúa Prado Novo (beirarrúa norte) ata rúa Ángel Amor Ruibal (beirarrúa leste), rúa Loureiro Crespo (dende intersección con rúa Ángel Amor Ruibal ata intersección con rúa San Amaro) (beirarrúa norte), Avenida de Lugo (beirarrúa norte e oeste).

Leste: N-541 ata límite do Concello incluíndose as vivendas situadas da beirarrúa do lado esquerdo de dita estrada en sentido Ourense.

Quedan excluídos deste perímetro todos os lugares pertencentes á parroquia de Bora.

3. ÁREAS LÍMITROFES

Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia dos centros: CEIP Plurilingüe San Benito de Lérez, CEIP Manuel Vidal Portela, CEIP Vilaverde-Mourente. Non se considera zona limítrofe o Concello de Cotobade nin a zona do CEIP A Xunqueira nº1 e CEIP A Xunqueira nº2.



EEI de Verducido

Código:	36015500									
Enderezo Postal:	Cobadáspera, 60. 36151 Pontevedra									
Correo electrónico:	eei.verducido@edu.xunta.gal									
Teléfonos e fax:	Tel.: 8861515887					Fax:				
Páxina web:	http://www.edu.xunta.gal/centros/eeiverducido/									
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA						
	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
	1			0	0	0	0	0	0	
Horario		Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
9:00 a 14:00 h		Non			Con bolsa			Non		

1. ADSCRICIÓN

O centro está adscrito ao **CEIP Santo André de Xeve**.

2. ÁREA DE INFLUENCIA

A parroquia de Verducido. Inclúense os lugares de:

- Abelleira
- A Bordel
- Cobadáspera
- Gabián
- Outeiriño
- Rosende
- Verducido
- Vilariño.

3. ÁREAS LÍMITROFES

Son áreas limítrofes deste centro as zonas de influencia do CEIP Santo André de Xeve.



CEIP Santo André de Xeve

Código:	36019517									
Enderezo Postal:	Sobral, 26. Xeve. 36150 Pontevedra.									
Correo electrónico:	ceip.santoandre.xeve@edu.xunta.gal									
Teléfonos e fax	Tel.: 886151905				Fax: 886151906					
Páxina web:	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantoandredexeve/									
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA						
	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
	1	1	1	1	1	1	1	1	1	
Horario		Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
8:45 a 13:45 h		Non			Si. ANPA – Concello			Si		

1. ADSCRICIÓN

O centro está adscrito ao **IES Luís Seoane** e ten adscrita a **EI de Verducido**.

2. ÁREA DE INFLUENCIA

- A parroquia de Santo André de Xeve. Lugares de: O Couso, Filgueira, Frago, Maúzo, Santa Cruz, Sobral.
- A parroquia de Santa María de Xeve. Lugares de: O Couso, Os Fontáns, Frieiro, Gatormorto e A Igrexa.
- A parroquia de Verducido. Lugares de: Abelleira, A Bordel, Cobadáspera, O Gabián, O Outeiriño, Rosende, Verducido e Vilariño.
- A parroquia de Bora. Lugares de: Cara, A Cardosa, A Corval, O Couto, A Igrexa, A Lameliña, As Leiras, O Pío, As Pontes, Portamuíño, O Quinteiro, O Salgueiral, O Teso, O Tombo, O Valo e Vilares.

3. ÁREAS LÍMITROFES

Son áreas limítrofes deste centro as zonas de influencia do CEIP Plurilingüe San Benito de Lérez, CEIP de Marcón e CEIP Vilaverde-Mourente.

Non se consideran zonas limítrofes os Concellos de Cotobade, Campo Lameiro e Barro.



CEIP Daría González García

Código:	36006316									
Enderezo Postal:	Avenida de Montecelo, 18. 36161 Pontevedra.									
Enderezo electrónico:	ceip.daria.gonzalez.garcia@edu.xunta.gal									
Teléfono/fax	Teléfono: 986 804 135				Fax: 886 211 152					
Páxina web:	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdariagonzalezgarcia/									
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA						
	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
	1	1	1	1	1	1	1	1	1	
Horario		Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
9:15 a 14:15h		Non			Con bolsa			Si		

1. ADSCRICIÓN

O centro está adscrito ao **IES Luís Seoane e IES Frei Martín Sarmiento**

Observación:

Para o alumnado acollido na Cidade Infantil Príncipe Felipe, con posterioridade ao 31 de agosto de cada ano, a zona de influencia é todo o Concello

2. ÁREA DE INFLUENCIA

Perímetro:

- Estrada PO-532 dende punto quilométrico 1,030¹ ata punto quilométrico 2.090².
- Continua dito límite pola rúa Barcia ata a Avda. Montecelo.
- Pecha o perímetro pola Avda. Montecelo dende a intersección coa rúa Barcia ata a intersección coa estrada PO-532.

Adicionalmente, inclúese a cidade infantil Príncipe Felipe.

3. ÁREAS LÍMITROFES

Son áreas limítrofes deste centro as zonas de influencia do CEIP Vilaverde-Mourete e CEIP de Marcón.

¹ Intersección da PO-532 coa Avda. Montecelo e Rúa Moldes

² Intersección entre a PO-532 e a Rúa Barcia



Areas influencia ESO e Bacharelato

ESO

As zonas de influencias dos IES para a ESO son a suma das zonas de influencia dos centros educativos que teñen adscritos.

BACHARELATO

En cumprimento dos artigo 2 do *Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 11/02/2022)*, esta Xefatura Territorial determina que as zonas de influencia dos IES do Concello de Pontevedra que imparten as distintas modalidades do bacharelato, continúan establecidas na seguinte forma:

A efectos de delimitar as zonas de influencia de cada unha das modalidades, divídese o Concello en dúas zonas:

- A **zona A** a situada ao norte da liña determinada polas rúas Afonso XIII, Xeneral Martitegui, Benito Corbal, Loureiro Crespo e Avenida de Lugo.
- A **zona B** é a parte do Concello sita ao sur desta liña.
- Nas rúas que marcan o límite das zonas enténdese que corresponden a zona A e a Zona B as casas que se atopen ao norte ou o sur, respectivamente, de ditas rúas.

Os alumnos domiciliados en cada unha destas zonas terán:

- Para o IES da mesma 8 puntos por domicilio e 6 polo lugar de traballo dos proxenitores.
- Para os IES da outra terán 4 puntos por domicilio e 3 polo lugar de traballo dos proxenitores.

Bacharelato de Artes

Impártese no IES Frei Martín Sarmiento e no IES A Xunqueira I.

ÁREA DE INFLUENCIA

- **Zona A:** corresponde ao IES A Xunqueira I.
- **Zona B:** corresponde ao IES Frei Martín Sarmiento.

Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía

Impártese en todos os IES da cidade.

ÁREA DE INFLUENCIA

- **Zona A:** pertencen a esta zona o IES A Xunqueira I, o IES A Xunqueira II e o IES Luís Seoane.
- **Zona B:** pertencen a esta zona o IES Frei Martín Sarmiento, o IES Gonzalo Torrente Ballester, o IES Valle-Inclán e o IES Sánchez Cantón.

Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais

As mesmas consideracións que para o de Ciencias e Tecnoloxía.



Bacharelato Xeral

Impártese no IES Luís Seoane e no IES Gonzalo Torrente Ballester

ÁREA DE INFLUENCIA

- **Zona A:** corresponde ao [IES Luís Seoane](#).
- **Zona B:** corresponde ao [IES Gonzalo Torrente Ballester](#).

CENTROS CONCERTADOS E IES DOUTROS CONCELLOS SEN BACHARELATO

En cumprimento dos artigos 3 do *Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 11/02/2022)*, esta Xefatura Territorial determina que a adscrición dos centros privados concertados do Concello de Pontevedra para a etapa de Bacharelato é a seguinte:

- [CPR Plurilingüe Calasancio](#): adscríbese ao IES Valle-Inclán.
- [CPR Plurilingüe Nuestra Señora de los Dolores \(Doroteas\)](#): adscríbese ao IES Sánchez Cantón.
- [CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús](#): adscríbese ao IES A Xunqueira II.
- [CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Placeres](#): adscríbese ao IES Gonzalo Torrente Ballester.

Así mesmo, e ao non existir centros de Bacharelato nos Concellos limítrofes seguintes, procédese a adscribir os IES ou CPI dos mesmos a IES do Concello de Pontevedra con Bacharelato:

- [IES de Barro](#): adscríbese ao IES A Xunqueira I.
- [CPI do Toural](#): adscríbese ao IES Gonzalo Torrente Ballester.



RESUMO ÁREAS INFLUENCIA CONCELLO DE PONTEVEDRA

CENTRO	Ten adscrito a	Está adscrito a
EEl Concepción Crespo Rivas		CEP Campolongo
EEl Fina Casalderrey		CEP Marcos da Portela
EEl de Verducido		CEIP Santo André de Xeve
CEIP A Carballeira		IES Gonzalo Torrente Ballester
CEIP A Xunqueira Nº 1		IES A Xunqueira I
CEIP A Xunqueira Nº 2		IES A Xunqueira II
CEIP Álvarez Limeses		IES Vallé-Inclán
CEIP de Cabanas		IES Gonzalo Torrente Ballester
CEP Campolongo	EEl Concepción Crespo Rivas	IES Sánchez Cantón
CEIP Daría González García		IES Frei Martín Sarmiento IES Luís Seoane
CEIP Manuel Vidal Portela		IES A Xunqueira II
CEIP de Marcón		IES Frei Martín Sarmiento
CEP Marcos da Portela	EEl Fina Casalderrey	IES Luís Seoane
CEIP de Parada-Campañó		IES A Xunqueira I
CEIP Plurilingüe Froebel		IES Sánchez Cantón
CEIP Plurilingüe Praza de Barcelos		IES Vallé-Inclán
CEIP Plurilingüe San Benito de Lérez		IES A Xunqueira I
CEIP de Ponte Sampaio		IES de Soutomaior
CEIP San Martiño		IES Gonzalo Torrente Ballester
CEIP Santo André de Xeve	EEl de Verducido	IES Luís Seoane
CEIP de Vilaverde-Mourente		IES Frei Martín Sarmiento
CPR Plurilingüe Calasancio		IES Valle-Inclán
CPR Plurilingüe Doroteas		IES Sánchez Cantón
CPR Sagrado Corazón de Jesús		IES A Xunqueira II
CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Placeres		IES Gonzalo Torrente Ballester
CPR San José		IES Valle-Inclán
IES A Xunqueira I	CEIP A Xunqueira Nº 1 CEIP Parada-Campañó CEIP Plurilingüe San Benito de Lérez CEIP Pedro Antonio Cerviño IES de Barro	



Xefatura Territorial de Pontevedra
 Servizo Territorial de Inspección Educativa

IES A Xunqueira II	CEIP A Xunqueira N° 2 CEIP Manuel Vidal Portela CPR Pluril. Sagrado Corazón de Jesús	
IES Frei Martín Sarmiento	CEIP Daría González García CEIP de Marcón CEIP de Vilaverde-Mourete	
IES Gonzalo Torrente Ballester	CEIP A Carballeira CEIP de Cabanas CEIP San Martiño CPR Plur. Sagrado Corazón de Placeres CPI do Toural (Vilaboa)	
IES Luís Seoane	CEIP Daría González García CEP Marcos da Portela CEIP Santo André de Xeve	
IES Sánchez Cantón	CEP Campolongo CEIP Plurilingüe Freobel CPR PL. Nuestra Señora de los Dolores (Doroteas)	
IES Valle-Inclán	CEIP Álvarez Limeses CEIP Plurilingüe Praza de Barcelos CPR San José CPR Plurilingüe Calasancio	

Adscrición de EI a EP

Adscrición de EP a ESO

Adscrición de ESO a Bach

